A Xunta Xeral de Accionistas na súa reunión do día 19 de xuño de 2017 acordou o reparto como dividendo do resultado do exercicio 2016, por importe de 290.216 euros. Este importe foi abonado ao Accionista único o 20 de marzo de 2018.

A Xunta Xeral de Accionistas na súa reunión do día 25 de xuño de 2018 acordou o reparto como dividendo do resultado do exercicio 2017, por importe de 267.667 euros. Este importe foi abonado ao accionista único o 10 de decembro de 2018.

A Xunta Xeral de Accionistas na súa reunión do día 28 de xuño de 2019 acordou o reparto como dividendo do resultado do exercicio 2018, por importe de 382.506 euros. Este importe atópase pendente de pago e rexistrado no epígrafe "Débedas a curto prazo - Outros pasivos financeiros" do balance ao 31 de decembro de 2020. Este importe foi finalmente abonado o 14 e o 19 de xaneiro de 2022.

Con data 30 de xuño de 2022 a Xunta Xeral de Accionistas acordou a distribución do resultado do exercicio 2021 destinando 130.154 euros a reservas en compensación polas perdas producidas no exercicio 2021, e o reparto como dividendo por importe de 188.055 euros. Este importe foi abonado o 29 de decembro de 2022.

4. Normas de rexistro e valoración

As principais normas de rexistro e valoración utilizadas pola Sociedade na elaboración de estas contas anuais do exercicio 2022, de acordo coas establecidas polo Plan Xeral de Contabilidade, foron as seguintes:

a) Inmobilizado intanxible-

Como norma xeral, o inmobilizado intanxible valorase inicialmente polo seu prezo de adquisición ou custo de produción. Posteriormente valorase o seu custo minorado pola correspondente amortización acumulada e, no seu caso, polas perdas por deterioro experimentadas, conforme ao criterio mencionado na Nota 4-c.

A propiedade industrial e as aplicacións informáticas que se encontran rexistradas en este epígrafe de balance están valoradas ao seu prezo de adquisición e amortízanse linealmente nun prazo máximo de 5 e 3 anos, respectivamente, a partir do comezo da súa utilización.

O cargo á conta de perdas e ganancias do exercicio 2022 en concepto de amortización do inmobilizado intanxible ascendeu a 25.874 euros (37.025 euros en 2021) (véxase Nota 6) e atópase rexistrado no epígrafe "Amortización do inmobilizado" da conta de perdas e ganancias.

b) Inmobilizado material

O inmobilizado material valorase inicialmente polo seu prezo de adquisición ou custo de produción, e posteriormente minórase pola correspondente amortización acumulada e as perdas por deterioro, se as houbera, conforme ao criterio mencionado na Nota 4-c. Adicionalmente, ó prezo pagado pola adquisición de cada elemento, o custo tamén inclúe os gastos financeiros devengados durante ó período de construción que sexan directamente atribuíbles á adquisición ou fabricación do activo, sempre que requiran un período de tempo superior a un ano para estar en condicións de uso, así como a mellor estimación do valor actual do importe continxente. Non obstante, os pagos continxentes que dependan de magnitudes relacionadas co desenvolvemento da actividade, contabilízanse como un gasto na conta de perdas e ganancias a medida en que se incorran. Durante os exercicios finalizados o 31 de decembro de 2022 e o 31 de decembro de 2021, non se activaron importes por este concepto.

As cantidades entregadas a conta de adquisicións futuras de bens do inmobilizado material, rexístranse no activo e os axustes que se orixinen pola actualización do valor do activo asociado ao anticipo dan lugar ao recoñecemento de ingresos financeiros, conforme se produza o seu devengo. A tal efecto utilízase o tipo de xuro incremental do provedor existente no momento inicial, é dicir, o tipo de xuro ao que o provedor podería financiarse en condicións equivalentes ás que resultan do importe recibido, que non será obxecto de modificación en posteriores exercicios. Cando se trate de anticipos con vencemento non superior a un ano e cuxo efecto financeiro non sexa significativo, non será necesario levar a cabo ningún tipo de actualización.

Os custos de ampliación, modernización e mellora que representan un aumento da produtividade, capacidade ou eficiencia, ou un alongamento da vida útil dos bens, capitalízanse como maior custe dos correspondentes bens. Os bens e elementos retirados, tanto se se producen como consecuencia dun proceso de modernización como se se deben a calquera outra causa, contabilízanse dando de baixa os saldos que presentan nas correspondentes contas de activo e de amortización acumulada.

Os gastos de conservación e mantemento dos diferentes elementos que compoñen o inmobilizado material impútanse á conta de perdas e ganancias do exercicio en que se incorren.

Os elementos retirados, tanto se son consecuencia dun proceso de modernización, como se se debe a calquera outra causa, contabilízanse dando de baixa os saldos que presentan as correspondentes contas de custo e de amortización acumulada.

O inmobilizado material en curso traspásase ao inmobilizado material en explotación na data na que queda dispoñible para iniciar o seu funcionamento, iniciándose nese momento a súa amortización.

A amortización dos elementos do inmobilizado material realízase sobre os valores de custo, seguindo o método lineal, durante os seguintes anos de vida útil estimados:

	Anos de Vida Útil Estimada
Instalacións técnicas	5-8
Maquinaria e equipos médicos	5-7
Instrumental e ferramentas	5-10
Mobiliario e equipos de oficina	6-10
Mobiliario médico	8-10
Equipos para proceso de información	4
Outro inmobilizado material	4-10

O cargo á conta de perdas e ganancias do exercicio 2022 en concepto de amortización do inmobilizado material ascendeu a 955.379 euros (797.288 euros en 2021) (véxase Nota 5) e atópase rexistrado no epígrafe "Amortización do inmobilizado" da conta de perdas e ganancias.

c) ***Deterioro de valor do activo material e intanxible-***

Ao peche de cada exercicio sempre que existan indicios de perda de valor, a Sociedade revisa os importes en libros dos seus activos materiais e intanxibles para determinar si existen indicios de que ditos activos sufrisen unha perda por deterioro de valor. Se existe calquera indicio, o importe recuperable do activo calcúlase co obxecto de determinar o alcance da perda por deterioro de valor (se a houbera). En caso de que o activo no xere fluxos de efectivo por si mesmo que sexan independentes doutros activos, a Sociedade calculará o importe recuperable do activo. O importe recuperable determinase como o maior importe entre o valor razoable menos os custes de venda e o valor en uso.

Se se estima que o importe recuperable dun activo (ou unha Unidade Xeradora de Efectivo) é inferior ao seu importe en libros, o importe en libros do activo (Unidade Xeradora de Efectivo) redúcese ao seu importe recuperable. Para elo recoñécese o importe da perda por deterioro de valor como gasto e distribúese entre os activos que forman a unidade, reducindo en primeiro lugar o fondo de comercio, si existira, e, a continuación, o resto dos activos da unidade prorrateados en función do seu importe en libros.

Cando unha perda por deterioro de valor reverte posteriormente, o importe en libros do activo (Unidade Xeradora de Efectivo) increméntase á estimación revisada do seu importe recuperable, pero de tal modo que o importe en libros incrementado non supere o importe en libros existente de non recoñecerse ningunha perda por deterioro de valor para o activo en exercicios anteriores. Recoñécese unha reversión dunha perda por deterioro de valor como ingreso do exercicio.

A Sociedade definiu como unidades xeradoras de efectivo cada unha das unidades asistenciais e técnicas nas que a Sociedade presta servizos

Nos exercicios rematados a 31 de decembro de 2022 e 2021 a Sociedade non rexistrou perdas por deterioro dos inmobilizados intanxible e material.

d) ***Arrendamentos-***

Os arrendamentos clasificanse como "arrendamentos financeiros" sempre que as condicións dos mesmos se deduzan que se transfiren ao arrendatario substancialmente os riscos e beneficios inherentes á propiedade do activo obxecto do contrato. Os demais arrendamentos clasificanse como "arrendamentos operativos".

Arrendamento financeiro-

Nas operacións de arrendamento financeiro nas que a Sociedade actúa como arrendatario, preséntase o custo dos activos arrendados no balance segundo a natureza do ben obxecto do contrato e, simultaneamente, un pasivo polo mesmo importe. Dito importe será o menor entre o valor razoable do ben arrendado e o valor actual ao inicio do arrendamento das cantidades mínimas acordadas, incluída a opción de compra, cando non existan dúbidas razoables sobre o seu exercicio. Non se incluirán no seu cálculo as cotas de carácter continxente, o custe dos servizos e os impostos repercutibles polo arrendador. A carga financeira total do contrato imputase á conta de perdas e ganancias do exercicio no que se devenga, aplicando o método do tipo de interese efectivo. As cotas de carácter continxente recoñécense como gasto do exercicio no que se incorren.

Os activos rexistrados por este tipo de operacións amortízanse con criterios similares aos aplicados ao conxunto dos activos materiais, atendendo a súa natureza.

Arrendamento operativo-

Os gastos e ingresos derivados dos acordos de arrendamento operativo cárganse na conta de perdas e ganancias no exercicio en que se devengan.

Calquera cobro ou pago que puidera realizarse ao contratar un arrendamento operativo tratarase como un cobro ou pago anticipado que se imputará a resultados ao longo do período do arrendamento, a medida que se cedan ou reciban os beneficios do activo arrendado.

e) *Instrumentos financeiros-*

Un "instrumento financeiro" é un contrato que da lugar a un activo financeiro nunha entidade e, simultaneamente, a un pasivo financeiro ou instrumento de capital na outra entidade.

Un "instrumento de capital" é un negocio xurídico que evidencia unha participación residual nos activos da entidade que o emite, unha vez deducidos todo os seus pasivos.

Activos financeiros:

Os activos financeiros recoñécense no balance cando se leva a cabo a súa adquisición e se rexistran inicialmente o valor razoable da contraprestación entregada máis os custos da transacción que sexan directamente atribuíbles, cando os activos financeiros non se valoren polo seu valor razoable indicarase o valor razoable para cada clase de activo nos termos e condicións previstas no Plan Xeral de Contabilidade. Non obstante, os créditos por operacións comerciais con vencemento non superior a un ano e que non teñan un tipo de interese contractual, así como os anticipos e créditos ao persoal cuxo importe se espera recibir no curto prazo, valóranse polo seu valor nominal cando o efecto de non actualizar os fluxos de efectivo non sexa significativo.

Os activos financeiros que posúe a Sociedade clasifícanse nas seguintes categorías:

- Préstamos e partidas a cobrar: activos financeiros orixinados na venda de bens ou na prestación de servizos por operacións de tráfico da empresa, ou os que non tendo unha orixe comercial, no son instrumentos de patrimonio nin derivados e cuxos cobros son de contía fixa ou determinable e non se negocian nun mercado activo.

- Investimentos no patrimonio de empresas do grupo e asociadas: considéranse empresas do grupo aquelas sobre as que a Sociedade ten capacidade para exercer control, capacidade que manifestase, en xeral, non unicamente, pola propiedade, directa ou indirecta, de ao menos o 50% dos dereitos políticos das entidades participadas ou aínda sendo inferior ou nulo este porcentaxe si, como no caso de acordo con socios ou accionistas das mesmas, entrégase á Sociedade dito control. Enténdese por control o poder de gobernar as políticas financeiras e operativas dunha entidade, co fin de obter beneficios das súas actividades.

  Considéranse empresas asociadas aquelas sobre as que a Sociedade exerce unha influencia significativa. Presumirase, salvo proba en contrario, que existe influencia significativa cando a empresa ou unha ou varias empresas do grupo engadidas as entidades o persoas físicas dominantes, posúan, ao menos, o 20 por 100 dos dereitos de voto da outra sociedade.

- Efectivo e Outros Activos Líquidos equivalentes: A Sociedade rexistra nesta partida do balance a caixa, bancos e aqueles investimentos financeiros convertibles en efectivo, cun vencemento non superior a tres meses dende a data da súa adquisición, que non teñen riscos significativos de cambio de valor e que forman parte da súa política de xestión normal da tesourería.

Valoración inicial-

- Préstamos e partidas a cobrar: valoraranse inicialmente polo seu valor razoable, que, salvo evidencia en contrario, será o prezo da transacción, que equivalerá ao valor razoable da contraprestación entregada máis os custos de transacción que lle sexan directamente atribuíbles. Non obstante, os créditos por operacións comerciais con vencemento non superior a un ano e que non teñan un tipo de interese contractual, valóranse polo seu valor nominal cando o efecto de actualizalos fluxos de efectivo non sexa significativo.

- Investimentos no patrimonio de empresas do grupo e asociadas: valóranse inicialmente ao custe, que equivalerá ao valor razoable da contraprestación entregada máis os custes de transacción que lle sexan directamente atribuíbles. No caso de investimentos no patrimonio de empresas do grupo que entreguen o control sobre a sociedade dependente, os honorarios abonados a asesores legais ou outros profesionais relacionados ca adquisición do investimento impútanse directamente á conta de perdas e ganancias.

- Efectivo e Outros Activos Líquidos equivalentes: valóranse inicialmente polo seu valor razoable, que é o prezo da transacción, máis os custos que lle sexan directamente atribuíbles.

Valoración posterior-

- Préstamos e partidas a cobrar: valóranse polo seu custo amortizado e os intereses devengados no período calcúlanse aplicando o método do tipo de interese efectivo. Non obstante o anterior, os créditos con vencemento non superior ao ano que de acordo co mencionado anteriormente valóranse inicialmente polo seu valor nominal, así como os anticipos e créditos ao persoal, cuxo importe espérase recibir no curto prazo continúan valorándose por dito valor salvo que se deterioraran.

  En particular, e respecto ás correccións valorativas relativas aos debedores comerciais e outras contas a cobrar, a Sociedade obtén o importe de ditas correccións valorativas mediante o estudo individualizado sobre a recuperación económica das contas a cobrar a 31 de decembro de 2022.

- Investimentos no patrimonio de empresas do grupo e asociadas: valóranse polo seu custe, minorado, no seu caso, polo importe acumulado das correccións valorativas por deterioro. Ditas correccións calcúlanse como a diferenza entre o seu valor en libros e o importe recuperable, entendido este como o maior importe entre o seu valor razoable menos os custes de venta e o valor actual dos fluxos de efectivo futuros derivados do investimentos. Salvo mellor evidencia do importe recuperable, tómase en consideración o patrimonio neto da entidade participada, corrixido polas plusvalías tácitas existentes na data da valoración (incluíndo o fondo de comercio, se o houbera). As correccións valorativas por deterioro e, no seu caso, a súa reversión, rexístranse como un gasto ou un ingreso, respectivamente, na conta de perdas e ganancias.

- Efectivo e Outros Activos Líquidos equivalentes: valóranse ao seu custo amortizado calculado mediante a utilización do método de "tipo de intereses efectivo"; tal e como se indicou con anterioridade.

Ao peche do exercicio a Sociedade realiza un test de deterioro para os activos financeiros que non están rexistrados a valor razoable. Considérase que existe evidencia obxectiva de deterioro si o valor recuperable do activo financeiro é inferior ao seu valor en libros. Cando se produce, o rexistro deste deterioro se rexistra na conta de perdas e ganancias.

A Sociedade dá de baixa os activos financeiros cando expiran ou se ceden os dereitos sobre os fluxos de efectivo do correspondente activo financeiro e se transferiron substancialmente os riscos e beneficios inherentes á súa propiedade.

Pola contra, a Sociedade non dá de baixa os activos financeiros, e recoñece un pasivo financeiro por un importe igual á contraprestación recibida, nas cesións de activos financeiros nas que se reteña substancialmente os riscos e beneficios inherentes á súa propiedade.

Os intereses recibidos de activos financeiros recoñécense empregando o método do tipo de interese efectivo e os dividendos, cando se declara o dereito do accionista a recibilos. En calquera caso, os intereses e dividendos de activos financeiros devengados con posterioridade ao momento da adquisición recoñécense como ingresos na conta de perdas e ganancias.

Pasivos financeiros:

Son pasivos financeiros aqueles débitos e partidas a pagar que ten a Sociedade e que se orixinaron na compra de bens e servizos por operacións de tráfico da empresa, ou tamén aqueles que sen ter unha orixe comercial, non poden ser considerados como instrumentos financeiros derivados.

Os débitos e partidas a pagar valóranse inicialmente ao valor razoable da contraprestación recibida, axustada polos custos da transacción directamente atribuíbles, cando os pasivos financeiros non se valoren polo seu valor razoable indicarase o valor razoable para cada clase de activo nos termos e condicións previstas no Plan Xeral de Contabilidade. Non obstante, cando se trate de débitos por operacións comerciais con vencemento non superior a un ano e que non teñan un tipo de interese contractual sempre que o efecto de non actualizar os fluxos de efectivo, non sexa significativo valoraranse polo seu valor nominal. Con posterioridade, ditos pasivos valóranse de acordo co seu custo amortizado. Non obstante o anterior, en créditos con vencemento non superior a un ano que inicialmente se valorasen polo seu valor nominal, continuarán valorándose por dito importe.

A Sociedade dá de baixa os pasivos financeiros cando se extinguen obrigacións que os orixinaron.

f) Existencias-

As existencias valóranse ao seu prezo de adquisición calculado segundo o prezo medio ponderado ou o valor neto realizable, o menor. Os descontos comerciais, as rebaixas obtidas e outras partidas similares dedúcense na determinación do prezo de adquisición.

Os anticipos a provedores a conta de subministros futuros de existencias se valoran polo seu custe.

A valoración dos produtos obsoletos, defectuosos ou de lento movemento, reducíronse ao seu posible valor de realización.

Cando o valor neto realizable das existencias é inferior ao seu prezo de adquisición ou ao seu custe de produción, se efectúan as oportunas correccións valorativas recoñecéndoas como un gasto na conta de perdas e ganancias.

Si deixan de existir as circunstancias que causaron a corrección del valor das existencias, o importe da corrección é obxecto de reversión recoñecendo como un ingreso na conta de perdas y ganancias.

g) Clasificación entre corrente e non corrente-

No balance adxunto, os saldos clasifícanse en non correntes e correntes. Os correntes comprenden aqueles saldos que a Sociedade espera vender, consumir, desembolsar ou realizar no transcurso do ciclo normal de explotación, aqueles outros que non correspondan con esta clasificación considéranse non correntes.

h) Imposto sobre beneficios-

O gasto ou ingreso por imposto sobre beneficios comprende á parte relativa ao gasto ou ingreso polo imposto corrente e a parte correspondente ao gasto ou ingreso por imposto diferido.

O imposto corrente é a cantidade que a Sociedade satisfai como consecuencia das liquidacións fiscais do imposto sobre o beneficio relativas a un exercicio. As bonificacións, deducións e outras vantaxes fiscais na cota do imposto, excluídas as retencións e pagos a conta, así como as perdas fiscais compensables de exercicios anteriores e aplicadas efectivamente en este, dan lugar a un menor importe do imposto corrente.

O gasto ou ingreso por imposto diferido correspóndese co recoñecemento e a cancelación dos activos e pasivos por imposto diferido. Estes inclúen as diferenzas temporarias que se identifican como aqueles importes que se prevén pagadeiros ou recuperables derivados das diferenzas entre os importes en libros dos activos e pasivos e o seu valor fiscal, así como as bases impoñibles negativas pendentes de compensación e os créditos por deducións fiscais non aplicadas fiscalmente. Ditos importes rexístranse aplicando á diferenza temporaria o crédito que corresponda ao tipo de gravame ao que se espera recuperalos o liquidalos.

Os activos por impostos diferidos xorden, igualmente, como consecuencia das bases impoñibles negativas pendentes de compensar e dos créditos por deducións fiscais xeradas e non aplicadas.

Recoñécense pasivos por impostos diferidos para todas as diferenzas temporarias impoñibles, excepto aqueles derivadas do recoñecemento inicial de fondos de comercio ou doutros activos e pasivos nunha operación que non afecta ni ao resultado fiscal ni ao resultado contable e non é unha combinación de negocios.

Pola súa parte, os activos por impostos diferidos só se recoñecen na medida en que se considere probable que a Sociedade vaia a dispoñer de ganancias fiscais futuras contra as que poder facelos efectivos e non procedan do recoñecemento inicial de outros activos e pasivos nunha operación que non sexa unha combinación de negocios e que non afecta nin ao resultado fiscal nin ao resultado contable. O resto de activos por impostos diferidos (bases impoñibles negativas e deducións pendentes de compensar) soamente se recoñecen no caso de que se considere probable que a Sociedade vaia a ter no futuro suficientes ganancias fiscais contra as que poder facelos efectivos.

Os activos e pasivos por impostos diferidos, orixinados por operacións con cargos ou abonos directos en contas de patrimonio, contabilízanse tamén con contrapartida en patrimonio neto.

En cada peche contable reconsidéranse os impostos diferidos rexistrados (tanto activos como pasivos) con obxecto de comprobar que se manteñen vixentes, efectuándose as oportunas correccións aos mesmos da acordo cós resultados das análises realizadas.

Así mesmo, en cada peche avalíanse os activos por impostos diferidos non rexistrados no balance e estes son obxecto de recoñecemento na medida en que pase a ser probable a súa recuperación con beneficios fiscais futuros.

l) Ingresos e gastos-

Os ingresos e gastos imputanse en función do criterio de devengo, e dicir, cando se produza a corrente real de bens e servizos que os mesmos representan, con independencia do momento en que se produza a corrente monetaria ou financeira derivada deles. Ditos ingresos valóranse polo valor razoable da contraprestación recibida, deducidos descontos e impostos.

En cuanto aos ingresos por prestación de servizos, estes recoñécense considerando a realización da prestación á data de balance, sempre e cando o resultado da transacción poida ser estimado con fiabilidade.

ll) Provisións e continxencias-

Na formulación das contas anuais os Administradores da Sociedade diferencian entre:

1. Provisións: saldos acredores que cobren obrigacións presentes á data do balance orixinados como consecuencia de sucesos pasados dos que poden derivarse prexuízos patrimoniais de probable materialización para a Sociedade, cuxo importe e/ou momento de cancelación son indeterminados. Ditos saldos rexístranse polo valor actual do importe máis probable que se estima que a Sociedade terá que desembolsar para cancelar a obrigación, e

2. Pasivos continxentes: obrigacións posibles orixinadas como consecuencia de sucesos pasados, cuxa materialización futura está condicionada a que ocorran, ou non, uno ou máis eventos futuros independentes da vontade da Sociedade.

O balance da Sociedade recolle todas as provisións significativas con respecto as cales se estima que é probable que téñase que atender a obriga. Neste sentido, no exercicio 2022 a Sociedade rexistrou provisións por diversas reclamacións por importe de 7.592 euros rexistrados no epígrafe "Provisións a longo prazo – Outras provisións" no balance ao 31 de decembro de 2022 adxunto.

Os pasivos continxentes non se recoñecen no balance, senón que informase sobre os mesmos nas notas da memoria, na medida en que non sexan considerados como remotos.

As provisións valóranse polo valor actual da mellor estimación posible do importe necesario para cancelar ou transferir a obrigación, tendo en conta a información dispoñible sobre o suceso e as súas consecuencias, e rexistrándose os axustes que xurdan pola actualización de ditas provisións como un gasto financeiro conforme se vai devengando.

A compensación a recibir dun terceiro no momento de liquidar a obrigación, sempre que non existan dúbidas de que dito reembolso será percibido, rexístrase como activo, excepto no caso de que exista un vínculo legal por el que exteriorizase parte do risco, e en virtude do cal a Sociedade non estea obrigada a responder; nestas situacións, a compensación terase en conta para estimar o importe polo que, no seu caso, figurará a correspondente provisión.

k) Elementos patrimoniais de natureza medioambiental-

Gastos de natureza medioambiental-

Terán a natureza de gastos medioambientais os importes devengados para a xestión dos efectos medioambientais das operacións da Sociedade, así como os derivados dos compromisos medioambientais existentes.

Os gastos medioambientais derivados das citadas actividades considéranse gastos de explotación do exercicio no que se devengan, e se rexistran no epígrafe "Outros gastos de explotación" da conta de perdas e ganancias.

Activos de natureza medioambiental-

Os elementos incorporados ao patrimonio da Sociedade co obxecto de ser utilizados de forma duradeira na actividade, que teñan como finalidade principal a minimización do impacto medioambiental e a protección e mellora do medio ambiente, incluíndo a redución ou eliminación da contaminación futura das operacións da Sociedade, contabilízanse no epígrafe "Inmobilizado material" do balance.

A Sociedade cumpre coa lexislación medioambiental que lle é de aplicación, de acordo coa súa actividade.

Así mesmo, a Sociedade non ten ningunha cantidade de dereitos asignados durante o período de vixencia do Plan Nacional de Asignación sobre dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro a súa distribución anual.

l) Criterios empregados para o rexistro e valoración dos Gastos de persoal-

De acordo coa lexislación vixente, a Sociedade está obrigada ao pago de indemnizacións a aqueles empregados cos que, baixo determinadas condicións, rescindan as súas relacións laborais. Polo tanto, as indemnizacións por despedimento susceptibles de cuantificación razoable rexístranse como gasto no exercicio no que se adopta a decisión do despedimento e se crea unha expectativa ante o traballador. Nestas contas anuais non se rexistrou provisión algunha por este concepto, xa que non están previstas situacións desta natureza.

A Sociedade non ten subscritos compromisos por pensións a favor dos seus traballadores.

m) Subvencións, doazóns e legados-

Para a contabilización das subvencións, doazóns e legados recibidos, a Sociedade segue os criterios seguintes:

- Subvencións, doazóns e legados de capital non reintegrables: Rexístranse formando parte do Patrimonio Neto, como ingresos imputados ao Patrimonio Neto no momento que se estima que se cumpren as condicións establecidas para a súa concesión e por conseguinte se estima que non existen dúbidas sobre o seu cobro. Valóranse polo valor razoable do importe do ben concedido, en función de se son de

carácter monetario o non, e imputanse a resultados en proporción á dotación á amortización efectuada no período para os elementos subvencionados ou, no seu caso, cando se produza a súa enaxenación ou corrección valorativa por deterioro, con excepción das recibidas de socios ou propietarios que se rexistran directamente nos fondos propios e non constitúen ingreso algún.

- Subvencións de carácter reintegrable: Mentres teñen o carácter de reintegrables contabilízanse como pasivos.

- Subvencións de explotación: Abóanse a resultados no momento no que, tras a súa concesión, a Sociedade estima que se cumpren as condicións establecidas nas mesmas e, por conseguinte, non existen dúbidas razoables sobre o seu cobro, e se imputan aos resultados de forma que se asegure en cada período unha adecuada correlación contable entre os ingresos derivados da subvención e os gastos subvencionados. Ata que se cumpran as condicións para considerar ditas subvencións como non reintegrables, mantéñense rexistradas como pasivo no epígrafe "Débedas a curto prazo - Outros pasivos financeiros" do balance.

n) Transaccións con vinculadas-

A Sociedade, como empresa pública autonómica adscrita ao Servizo Galego de Saúde, realiza actividade asistencial nos Hospitais pertencentes ao propio Servizo Galego de Saúde, sendo o Contrato - Programa asinado co mesmo o que establece as condicións da actividade a realizar, os importes das transferencias destinada a financiar de forma xenérica os custes vinculados á actividade asistencial e non asistencial realizada pola Sociedade para o servizo Galego de Saúde, así como as cantidades coas que ten que compensar pola prestación de servizos que recibe dos Hospitais onde leva a cabo a actividade asistencial.

ñ) Estado de fluxos de efectivo-

No estado de fluxos de efectivo utilízanse as seguintes expresións nos seguintes sentidos:

- Fluxos de efectivo: entradas e saídas de diñeiro en efectivo e os seus equivalentes, entendendo por estes os investimentos a curto prazo de gran liquidez e baixo risco de alteración no seu valor.

- Actividades de explotación: son aquelas que constitúen a principal fonte dos ingresos ordinarios da entidade, así como outras actividades que non poidan ser clasificadas como de investimento ou de financiamento.

- Actividades de investimento: as de adquisición, enaxenación e disposición por outros medios de activos a longo prazo e outros investimentos non incluídos no efectivo e equivalentes de efectivo.

- Actividades de financiamento: as que producen cambios no tamaño e composición do patrimonio neto e dos préstamos tomados por parte da entidade que non formen parte das actividades de explotación.

5. Inmobilizado material

O movemento habido durante os exercicios anuais terminados o 31 de decembro de 2022 e 2021 de cada partida de balance incluída neste epígrafe e das súas correspondentes amortizacións acumuladas foi o seguinte:

Exercicio 2022-

	Euros			
	Saldo Inicial	Adicións (Dotacións)	Retiros	Saldo Final
Custo:				
Instalacións técnicas e maquinaria	17.144.643	679.807	-	17.824.450
Outras instalacións, ferramentas e mobiliario	1.661.583	157.160	(3.481)	1.815.262
Outro inmobilizado material	574.128	29.653	-	603.781
Inmobilizado en curso e anticipos	17.760	744.045	-	761.805
Total custo	**19.398.114**	**1.610.665**	**(3.481)**	**21.005.298**
Amortización acumulada:				
Instalacións técnicas e maquinaria	(13.537.667)	(808.460)	3.324	(14.346.127)
Outras instalacións, ferramentas e mobiliario	(1.268.196)	(110.565)	-	(1.375.437)
Outro inmobilizado material	(497.870)	(36.354)	-	(534.224)
Total amortización acumulada	**(15.303.733)**	**(955.379)**	**(157)**	**(16.255.788)**
Saldo neto	**4.094.381**			**4.749.510**

Exercicio 2021-

	Euros				
	Saldo Inicial	Adicións (Dotacións)	Retiros	Traspasos	Saldo Final
Custo:					
Instalacións técnicas e maquinaria	19.374.709	193.085	(3.909.255)	1.486.104	17.144.643
Outras instalacións, ferramentas e mobiliario	1.719.831	107.389	(165.637)	-	1.661.583
Outro inmobilizado material	564.375	13.502	(3.749)	-	574.128
Inmobilizado en curso e anticipos	1.278.804	225.060	-	(1.486.104)	17.760
Total custo	**22.937.719**	**539.036**	**(4.078.641)**	**-**	**19.398.114**
Amortización acumulada:					
Instalacións técnicas e maquinaria	(16.797.096)	(649.826)	3.909.255	-	(13.537.667)
Outras instalacións, ferramentas e mobiliario	(1.325.824)	(103.632)	161.260	-	(1.268.196)
Outro inmobilizado material	(457.789)	(43.830)	3.749	-	(497.870)
Total amortización acumulada	**(18.580.709)**	**(797.288)**	**(4.074.264)**	**-**	**(15.303.733)**
Saldo neto	**4.357.010**				**4.094.381**

Adicións-

As principais adicións do exercicio 2022 corresponden coas inversións destinadas a posta en marcha do Centro de fabricación de terapias avanzadas de Galicia (Car-T); concretamente dentro do epígrafe de "Instalacións técnicas e maquinaria" recóllese o subministro de dous equipos de procesamento celular por importe de 513.524 euros. Vinculado con este mesmo proxecto rexístrase no epígrafe de "Inmobilizado en curso e anticipos" os traballos realizados de redacción do proxecto e reparación, adaptación e posta en marcha de salas brancas para o seu uso en terapias celulares avanzadas e obras nas áreas de apoio destas mesmas instalacións por importe de 731.068 e 12.977 euros, respectivamente.

Adicionalmente no epígrafe "Instalacións técnicas e maquinaria" do balance recóllese a adquisición dun captador tiroideo para a unidade de medicina nuclear de Vigo e dun sistema de control de calidade e planificación en oncoloxía radioterápica por importe de 27.588 e 58.080 euros, respectivamente. Adicionalmente na unidade de protección radiolóxica adquiriuse unha cámara de ionización por importe de 18.077 euros e diversos equipos de control de radiacións (maniquís, atenuadores, portátiles para medida) por importe total de 19.048 euros; e diversos inmobilizadores para procedementos de oncoloxía radioterápica e mobiliario e instalacións para a humanización das unidades de medicina nuclear e oncoloxía radioterápica de Vigo por importes de 22.825 e total de 32.547 euros, rexistrados no epígrafe "Outras instalacións, ferramentas e mobiliario". Por último, adquiriuse novo sistema de visualización e dispensador de quendas e diferente equipamento informático por un importe de 29.653 euros, rexistrándose no epígrafe "Outro inmobilizado material" do balance ao 31 de decembro de 2022 adxunto.

No exercicio anterior, no epígrafe de "Instalacións técnicas e maquinaria", recolleuse a instalación dun novo sistema de braquiterapia de alta taxa por importe de 158.631 euros. Neste mesmo epígrafe do balance rexistrouse a adquisición de tres inmobilizadores de mama para tratamentos de radioterapia por importe de 18.143 euros. Adicionalmente na unidade de protección radiolóxica rexistrouse un multímetro de medición de raios X por importe de 18.142 euros e diversos equipos de control de radiacións (maniquís, cámara de ionizacións, portátiles para medida) por importe total de 10.612 euros; e outras instalacións e mobiliario diverso para as reformadas unidades de medicina nuclear e oncoloxía radioterápica por importe total de 71.014 euros, rexistrados no epígrafe "Outras instalacións, ferramentas e mobiliario". Por último, adquiriuse nova estación de diagnóstico, sistema remoto e diferente equipamento informático por un importe de 13.502 euros, rexistrándose no epígrafe "Outro inmobilizado material" do balance ao 31 de decembro de 2021 adxunto.

Como consecuencia da adxudicación en 2021 do expediente AB-GLR1-20-066 rexistrouse por importe de 217.800 euros o subministro de dous módulos de síntese para a Unidade de produción de radiofármacos Pet (Ciclotón) no epígrafe de "Instalacións técnicas e maquinaria" do balance ao 31 de decembro de 2021 adxunto. Adicionalmente, neste mesmo epígrafe recepcionouse unha nova resonancia magnética móbil por importe de 1.268.304 euros. Este equipamento financiase mediante un contrato de arrendamento financeiro nun período de 96 meses (Nota 7). No proceso de recepción do novo equipo entregouse un dos equipos de resonancia móbil obxecto de substitución, o custe do equipo dado de baixa e que se atopaba totalmente amortizado ascendía a 1.418.138 euros, recollido no epígrafe de "Instalacións técnicas e maquinaria" do balance.

Retiros-

En 2022 a Sociedade procedeu a dar de baixa por obsolescencia e deterioro diverso equipamento por importe de 3.481 euros e unha amortización acumulada de 3.324 euros, rexistrándose na partida de "Resultados por enaxenación e outros" da conta de perdas e ganancias do exercicio 2022, unha perda por un importe de 157 euros.

En 2021 procedeuse a dar de baixa por obsolescencia o acelerador lineal Oncor Impression + e toda a instalación asociada por un custe total de 2.243.866 euros rexistrados no epígrafe "Instalacións técnicas e maquinaria" do balance ao 31 de decembro de 2021 adxunto. No mesmo epígrafe do balance rexistrábase cun custe de 217.683 euros o antigo equipo de braquietarapia de alta taxa obxecto de substitución e que atopábase totalmente amortizado

Adicionalmente, durante o 2021 e consecuencia do proceso de mellora e actualización das instalacións das unidades de medicina nuclear e oncoloxía radioterápica, a Sociedade procedeu a dar de baixa diverso equipamento obsoleto e deteriorado por importe de 183.341 euros e unha amortización acumulada de 178.964

euros, rexistrándose na partida de "Resultados por enaxenación e outros" da conta de perdas e ganancias do exercicio 2020, unha perda por un importe de 4.377 euros.

Bens totalmente amortizados-

O importe dos elementos de inmobilizado material totalmente amortizados ao 31 de decembro de 2022 e 2021 é o seguinte:

	Euros	
	31.12.2022	31.12.2021
Instalacións técnicas	10.914.976	9.157.659
Maquinaria	1.467.464	1.399.271
Ferramenta	449.577	395.861
Outras instalacións	136.547	57.714
Mobiliario	415.930	404.022
Equipos para o proceso de información	435.641	419.953
Outro inmobilizado material	11.298	11.298
	13.831.433	**11.845.778**

A Sociedade non realizou correccións valorativas dos bens de inmobilizado material.

Política de seguros-

A Sociedade segue a política de formalizar pólizas de seguro para cubrir os posibles riscos aos que están suxeitos os diversos elementos do inmobilizado material. Os Administradores da Sociedade estiman que a cobertura contratada ao 31 de decembro de 2022 resulta suficiente para cubrir os riscos propios das actividades da Sociedade.

Expedientes de adquisición de inmobilizado-

O detalle dos expedientes de adquisición de Inmobilizado adxudicados pendentes de incorporar ó inmobilizado da Sociedade ao 31 de decembro de 2022 é o seguinte:

Exercicio 2022-

Expediente	Obxecto	Adxudicatario	Euros	
			Importe adxudicado	Importe pendente
AB-GLR1-22-033	Equipamento de medida e control de ~~calidade radioeiruxía~~	DTA, S.L.	61.708	61.708
~~AB-GLR1-22-036~~	~~Aplicadores xinecolóxicos~~	ELEKTA MÉDICAL, S.A.U.	54.215	54.215
AB-GLR1-22-073	Cromatógrafo de gases	THERMO FISHER SCIENTIFIC S.L.U.	21.124	21.124
AB-GLR11-21-109	Proxecto, reparación, adaptación e posta en marcha de salas brancas	ECO-FRED RUBI, S.L.	853.050	121.982
			990.097	**259.029**

A 31 de decembro de 2021 non existían expedientes de adquisición de Inmobilizado adxudicados pendentes de incorporar ó inmobilizado.

Outra información-

Arrendamentos financeiros-

Tal e como se indica na Nota 7, ao peche do exercicio 2022 e 2021 a Sociedade tiña contratadas diversas operacións de arrendamento financeiro sobre o seu inmobilizado material.

Con datas 27 de febreiro de 2017 e 10 de xullo de 2020, a Dirección Xeral de política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos emitiu autorizacións para a formalización no 2017 e 2020 de contratos de arrendamento financeiro por un importe máximo de 2.530.000 e 1.850.000 euros, respectivamente. O detalle das inversións autorizadas obxecto deste financiamento ao 31 de decembro de 2022 é o seguinte:

Expediente	Obxecto	Euros	
		Importe estimado	Importe financiado
AB-GLR1-17-001	Equipo de Radiocirurxía	650.000	688.490
AB-GLR1-17-004	Resonancia móbil	1.500.000	1.413.280
AB-GLR1-17-005	Equipamento Ciclotrón (**)	380.000	-
AB-GLR1-20-046	Resonancia móbil	1.500.000	1.268.304
AB-GLR1-20-066	Módulos de síntese (***)	350.000	217.800
		4.380.000	**3.587.874**

(**) Expediente declarado deserto
(***) Expediente adxudicado o 04 de febreiro de 2021

Proxecto CAR-T-

Durante os exercicios 2021 e 2022 a Sociedade avanzou no encargo de posta en marcha dun Centro de Fabricación de Medicamentos CAR-T en Santiago de Compostela e no desenvolvemento de ensaios clínicos con medicamentos CAR-T. Neste senso, o detalle dos expedientes de adquisición de Inmobilizado pendentes de adxudicar ao 31 de decembro de 2022 son os seguintes:

Expediente	Obxecto	Euros	
		Valor estimado	Importe adxudicado (*)
AB-GLR1-22-079	Subministro de equipos de apoiopara a fabricación e control de calidade para o centro CAR-T	688.500	400.729

(*) Importe adxudicado en cinco dos dez lotes do expediente

6. Inmobilizado intanxible

O movemento habido durante os exercicios 2022 e 2021 en cada partida do balance incluída neste epígrafe e dos seus correspondentes amortizacións acumuladas, foi o seguinte:

Exercicio 2022-

	Euros		
	Saldo Inicial	Adicións (Dotacións)	Saldo Final
Custo:			
Patentes, licencias e marcas	5.013	-	5.013
Aplicacións informáticas	522.727	12.533	535.260
Total custo	**527.740**	**12.533**	**540.273**
Amortización acumulada:			
Patentes, licencias e marcas	(5.013)	-	(5.013)
Aplicacións informáticas	(457.533)	(25.874)	(483.407)
Total amortización acumulada	**(462.546)**	**(25.874)**	**(488.420)**
Saldo neto	**65.194**		**51.853**

Exercicio 2021-

	Euros			
	Saldo Inicial	Adicións (Dotacións)	Retiros	Saldo Final
Custo:				
Patentes, licencias e marcas	5.013	-	-	5.013
Aplicacións informáticas	459.056	65.453	(1.782)	522.727
Total custo	**464.069**	**65.453**	**(1.782)**	**527.740**
Amortización acumulada:				
Patentes, licencias e marcas	(5.013)	-	-	(5.013)
Aplicacións informáticas	(422.290)	(37.025)	1.782	(457.533)
Total amortización acumulada	**(427.303)**	**(37.025)**	**1.782**	**(462.546)**
Saldo neto	**36.766**			**65.194**

Adicións-

A principal adición no exercicio 2022 corresponde coa actualización do analizador multicanle dixital para espectrometría por importe de 12.533 euros.

Durante 2021 as principais adicións corresponden coa adquisición de licencia para planificación de técnica VMAT para acelerador lineal por importe de 63.396 euros.

Bens totalmente amortizados-

O importe dos elementos de inmobilizado intanxible totalmente amortizados ao 31 de decembro de 2022 e 2021 son os seguintes:

	Euros	
	31.12.2022	31.12.2021
Patentes, licencias e marcas	5.013	5.013
Aplicacións informáticas	447.027	445.823
	452.040	**450.836**

A Sociedade non realizou correccións valorativas dos bens de inmobilizado intanxible.

7. Arrendamentos e outras operacións de natureza similar

Arrendamentos financeiros-

Ao peche do exercicios 2022 e 2021 a Sociedade, na súa condición de arrendataria financeira, ten recoñecidos activos arrendados conforme ao seguinte detalle:

Exercicio 2022-

Descrición do Ben	Duración do Contrato (en meses)	Euros				
		Custo en Orixe	Cotas Satisfeitas		Cotas Pendentes (Nota 8)	Opción de Compra(*)
			De Anos Anteriores	Do Exercicio 2022		
Módulos de síntese	96	217.800	6.736	26.866	184.198	2.245
Resonancia magnética móbil (GE)	96	1.413.280	601.952	201.893	609.435	17.005
Equipo de Radiocirurxía	96	688.490	297.845	97.209	293.436	8.188
Resonancia magnética móbil (Siem.)	96	1.268.304	78.451	156.904	1.032.949	13.075
		3.587.874	**984.984**	**482.872**	**2.120.018**	**40.513**

(*) Importe incluído no saldo de "Cotas pendentes".

Exercicio 2021-

Descrición do Ben	Duración do Contrato (en meses)	Euros				
		Custo en Orixe	Cotas Satisfeitas		Cotas Pendentes (Nota 8)	Opción de Compra(*)
			De Anos Anteriores	Do Exercicio 2021		
Módulos de síntese	96	217.800	-	6.736	211.064	2.245
Resonancia magnética móbil (GE)	96	1.413.280	400.680	201.272	811.328	17.005
Equipo de Radiocirurxía	96	688.490	200.935	96.910	390.645	8.188
Resonancia magnética móbil (Siem.)	96	1.268.304	-	78.451	1.189.853	13.075
		3.587.874	**601.615**	**383.369**	**2.602.890**	**40.513**

(*) Importe incluído no saldo de "Cotas pendentes".

Os bens financiados adquiridos ata o 2022 pertencen as partidas de instalacións técnicas e maquinaria do balance da Sociedade.

Con datas 15 e 19 de decembro de 2017 formalizáronse dous contratos de arrendamento financeiro para a adquisición dunha resonancia magnética móbil e dun sistema de radiocirurxía (Nota 5), sendo os importes a financiar en 96 cotas mensuais cun ano de carencia de 1.413.280 e 688.490 euros, respectivamente. O tipo de interese está referido ao Euribor a un ano máis un diferencial de 0,45 puntos.

Nos exercicios 2018 e 2019 non se formalizaron contratos de arrendamento financeiro.

No exercicio 2020 formalizouse un novo contrato de arrendamento financeiro para adquisición dunha nova resonancia magnética móbil, sendo o importe a financiar en 96 cotas mensuais de 1.268.304 euros. A 31 de decembro de 2021 o equipo estaba subministrado e en funcionamento (Nota 5). O tipo de interese está referido ao Euribor a un ano máis un diferencial de 0,45 puntos.

No exercicio 2021 formalizouse un novo contrato de arrendamento financeiro para adquisición de dous módulos de síntese para a Unidade de produción de radiofármacos Pet de Galicia (Ciclotrón), sendo o importe a financiar en 96 cotas mensuais de 217.800 euros. A 31 de decembro de 2021 o equipo estaba subministrado e en funcionamento (Nota 5). O tipo de interese está referido ao Euribor a un ano máis un diferencial de 0,45 puntos.

Os distintos tipos de operacións de arrendamento financeiro que a Sociedade mantén, teñen a seguinte desagregación:

Arrendamentos Financeiros Información do arrendatario	Euros	
	2022	2021
Importe dos pagos futuros mínimos o peche do exercicio	2.200.993	2.573.739
(-) Gastos financeiros non devengados	121.488	11.362
Valor actual ó peche do exercicio	2.079.505	2.562.377
Valor da opción de compra	40.513	40.513
Cotas pendentes	**2.120.018**	**2.602.890**

A crise evolucionou durante o ano 2021 a unha situación de "nova normalidade" permitindo recuperar os niveis asistenciais anteriores no segundo semestre de 2021; sendo o ano 2022 o primeiro totalmente alleo aos efectos negativos da pandemia normalizando a situación asistencial e de xestión.

Centro de fabricación de terapias avanzadas de Galicia (CAR-T)

Avanzouse no proxecto de creación dun Centro de fabricación propia de terapias avanzadas / medicamentos CAR-T iniciado a finais de 2020. A terapia con células CAR-T (Chimeric Antigen Receptor T Cells) consiste en extraer as células T do paciente, modificalas xenéticamente no laboratorio para que recoñezan as células cancerígenas e volvelas a infundir ao paciente. Esta modificación permite que as células T do propio paciente recoñezan os receptores que atópanse nas células tumorais e as eliminen. Este tipo de tratamento é unha combinación de terapia xénica e terapia celular, buscando sinerxías entre ambas no desenvolvemento de tratamentos personalizados, eficaces e seguros.

Durante 2021 asinouse un convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade, o Sergas, Galaria e a Universidade de Santiago para a colaboración na posta en marcha do Centro de fabricación de terapias avanzadas e outros medicamentos de inmunoterapia celular avanzada de Galicia e a creación dunha unidade mixta de investigación na materia. Dentro deste ámbito asinouse un acordo de cesión por 4 anos das instalacións do antigo Instituto de Ortopedia e Banco de Tecidos Musculoesqueléticos situado no Monte da Condesa.

Así mesmo, asinouse un Convenio de colaboración entre o Sergas, o Hospital Clínic de Barcelona e Galaria para traballar conxuntamente na aplicación da tecnoloxía CAR-T en Galicia, e no desenvolvemento de ensaios clínicos con medicamentos CAR-T, e iniciáronse diferentes expedientes de contratación vinculados coas obras de acondicionamento das instalación, adquisición de equipamento de laboratorio e adaptación das zoas de apoio que a 31 de decembro de 2022 ascendían a 2.126.142 de euros.

En decembro de 2021 publicouse no DOGA a encomenda de xestión do Servizo Galego de Saúde para para o deseño e posta en marcha dun Centro de Produción de CAR-T en Galicia cun importe asignado de 2.373.400 euros. En 2023 ampliarase a encomenda co fin de abarcar novas inversións necesarias no mencionado proxecto.

En 2022 publicouse o Decreto 209/2022, do 17 de novembro, pola que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal laboral de entidades instrumentais do sector público autonómico da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022 , co obxecto da posta en marcha e funcionamento de novos servizos públicos, que no seu anexo, recolle as prazas que se ofertan para cubrir as necesidades de recursos humanos, con asignación orzamentaria, que deben proverse mediante a incorporación de persoal de novo ingreso, incluíndo sete prazas para o Centro de fabricación de terapias avanzadas.

En marzo 2023 asinouse entre Axencia galega de innovación (GAIN), o Sergas, Galaria, a Axencia galega para a xestión do coñecemento en saúde (ACIS), as Universidades de Santiago de Compostela, A Coruña, Vigo, a Fundación instituto de investigación sanitaria de Santiago de Compostela (FIDIS), a fundación profesor Novoa Santos, e a Fundación biomédica Galicia sur (FBGS), un protocolo para a constitución da unidade cooperativa de investigación en terapias avanzadas de Galicia, que permita a creación dunha rede de investigación colaborativa enfocada á execución de proxectos de investigación básica, preclínica e clínica de forma coordinada e cooperativa.

En 2023 ampliarase a encomenda co fin de abarcar novas inversións necesarias no mencionado proxecto e continuarase coas actividades precisas para empezar a producir o primeiro CAR-T, en ensaio clínico, previa autorización da Agencia Española de Medicamentos y Productos Sanitarias (AEMPS), coa tecnoloxía do Hospital Clinic de Barcelona

De maneira más detallada, durante o exercicio 2022 Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios:

- Continuou realizando actividade asistencial nos eidos da oncoloxía radioterápica, diagnóstico por imaxe (unidades móbiles) e medicina nuclear nos mesmos emprazamentos que en 2021,. A actividade clínica prestada pola Sociedade dálle cobertura asistencial, nalgunha destas especialidades, a máis de 1.250.000 persoas residentes no sur de Galicia.

- A través da súa división de Consultoría, seguiu prestándolle asesoramento ao Servizo Galego de Saúde en materia de avaliación, planificación, adquisición, organización e xestión de recursos asistenciais, ademais de colaborar coa Dirección de Recursos Económicos na xestión integrada dos proxectos e obras que promove a administración sanitaria de Galicia.

- Tamén, a través do departamento de consultoría, mantívose colaboración coa Axencia de Coñecemento e Innovación Sanitaria (ACIS). así mesmo, participou en diferentes grupos de traballo integrados en diferentes proxectos de compra da Dirección de Recursos Económicos do Servizo galego de Saúde..

- Mediante o servizo de Radiofísica e a Unidade Técnica de Protección Radiolóxica (UTPR), levou a cabo o control de calidade e a medición de niveis de radiación de parte importante das instalacións de radiodiagnóstico da rede hospitalaria pública de Galicia e está a por en marcha o proxecto X-Dose que vai a permitir medir a radiación dos pacientes galegos sometidos a calquera exploración diagnóstica que emita radiación, cumprindo así a normativa europea ao respecto.

- Continuou coa produción regular e subministro de Fludesoxiglucosa marcada con flúor 18 (FDG) e de F18 Colina, na súa Unidade de radiofármacos PET Galicia (Ciclotrón), para os hospitais do Servizo Galego de Saúde e do Centro Oncolóxico de A Coruña que contan con equipos de diagnóstico PET.

- Continuou coa xestión da plataforma multiservizo Saúde en Liña, na que se centraliza a cita previa telefónica dos centros de atención primaria de Galicia e a solicitude de reprogramación / anulación de citas no ámbito da atención primaria e especializada.

- Mantivo a xestión do teléfono 881002021, destinado a poder dispor de información que permita actuar para controlar a propagación da enfermidade e poder canalizala atención a cidadáns que desprazados na Comunidade autónoma poidan presentar síntomas vinculados co COVID-19 ou procedan de zonas de risco. Dada a evolución da pandemia finalizou a prestación deste servizo en abril 2022

- Continuou mantendo baixo o seu control a Oficina Técnica de Seguimento da execución do contrato do servizo loxístico integral do Servizo Galego de Saúde.

- Colaborou coa Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica e o Instituto Galego de Oftalmoloxía no proceso de xestión nos departamentos de recursos humanos, calidade e contratación-administrativa.

- Así mesmo, no 2022 seguiu avanzando no proxecto de implantación dun centro de prontóns en Galicia, ampliándose o convenio de colaboración coa Universidade de Vigo co obxecto de establecer as condicións para o intercambio de información e colaboración en I+D enfocado na implantación da técnica de protonterapia en Galicia. Actualmente, e unha vez adxudicado o expediente de contratación do Ministerio de Sanidade e asinado o contrato con IBA para o subministro de 10 equipos de protontaerapia para os diferentes centros de protonterapia a instalar en España. Durante o ultimo trimestre do 2022 elaboráronse os pregos técnico e administrativo para a construción do centro de Protonterapaia de Galicia colaborando coa DXRREE do Sergas. O 29 de decembro de 2022 aprobáronse no Consello da Xunta ditos pregos e o 6 de xaneiro foron publicados no BOE, finalizando a presentación das ofertas o 20 de febreiro de 2023 Ademais o 16/2/23 aprobase no Consello da Xunta o informe sobre o inicio do procedemento para a aprobación do proxecto *"Centro de Protonterapia de Galicia"* (Santiago de Compostela) segundo o procedemento establecido na Lei 3/2016, do 1 de marzo, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou excepcional interese.

- Por último, e seguindo co desenvolvemento de Proxectos vinculados coa economía circular no ámbito sanitario, Galaria participa xunto con outros organismos públicos e entidades sociais nun proxecto europeo de carácter medioambiental, económico e cultural cuxo obxectivo é combinar o deseño, sustentabilidade, accesibilidade e estética para participar e cumprir co chamado Pacto Verde Europeo; este proxecto europeo coñécese como New Bauhauss, do que o Sergas e partner oficial.

No exercicio 2022, a Sociedade mantivo a acreditación conforme a norma internacional ISO 9001:2008.

- ***Actividade Asistencial-***

Como se mencionou anteriormente, o exercicio 2021 aínda estivo condicionado pola pandemia COVID-19 que afectou directamente á programación das Unidades asistenciais. Sen embargo, durante o propio 2021 recuperouse de forma importante os niveis de actividade o que permitiu volver en 2022 aos niveis prepandemia salvo na unidade de medicina nuclear cunha baixada na demanda de carácter estrutural.

- **Diagnóstico por Imaxe**

En 2022 a Unidade de Diagnóstico por imaxe de Galaria continuou centrada en resolvela demanda asistencial crecente de estudios de Resonancia Magnética (RM) na comunidade de Galicia, prestando un servicio de alta calidade tanto en tempo de resposta (espera para realizala proba en tódolos centros nos que xestionamos a lista de espera dos pacientes inferior a 28 días), como en calidade diagnóstica.

Galaria desenvolve a súa actividade a través de tres equipos de alto campo que actúan nos sete hospitais comarcais da rede Sergas facilitando o acceso á alta tecnoloxía sanitaria, achegándoa ao lugar de residencia do paciente e evitando os riscos, e os custes inherentes aos desprazamentos. Tamén colaboran de maneira activa na atención de pacientes de outros centros con equipos de resonancia fixa para melloralo tempo de resposta e reducilas listas de espera, concretamente durante 2022 nos hospitais públicos de Vigo, Lugo e A Coruña.

Deste xeito cos tres equipos de RM móbiles de alto campo que ten a Unidade de Diagnóstico por Imaxe de Galaria, no ano 2022 ademais de asumir os estudos de RM solicitados nos Hospitais Comarcais, realizando máis de 20.000 estudos de RM; púidose colaborar na redución da lista de espera doutros hospitais públicos: Complexo Hospitalario Universitario de A Coruña, Complexo Hospitalario Universitario de Pontevedra, Complexo Hospitalario Universitario de Lugo e Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, con máis de 6.000 estudos de RM realizados nestes centros en 2022.

Durante o 2022 a Unidade seguiu mellorando os niveis de eficiencia na utilización de recurso condicionados no seu momento pola pandemia COVID e de acordo coas novas medidas de seguridade e protocolos o que permitiu aumentar os niveis de actividade de maneira significativa xa no exercicio 2021. Concretamente, ao 31 de decembro realizáronse un total de 26.553 resonancias magnéticas fronte as 23.098 resonancias magnéticas do 2021.

Destacar polo tanto que pese ás circunstancias, a Unidade foi quen de atender aos pacientes dos hospitais comarcais coa mesma calidade e nivel de eficiencia de sempre. Nos equipos de resonancia móbiles realízase calquera estudo de RM (desde o máis simple ao máis complexo), que é avaliado por radiólogos expertos,

organizados por áreas anatómicas de coñecemento. No ano 2022 continúa observándose un aumento significativo da demanda de estudos complexos como a RM de próstata multiparamétrica que inclúe imaxes non só anatómicas senón tamén funcionais para aproveitar todo o potencial diagnóstico da RM, que neste caso convértea nunha alternativa inocua fronte á biopsia transrectal para o diagnóstico do cancro de próstata.

Un elemento importante no 2021 foi a substitución a finais de ano do equipo de resonancia máis antigo, por unha nova resonancia magnética de alto campo, que ven a sumarse á renovación tecnolóxica dos equipos que comezou coa adquisición dunha nova resonancia no 2018; proceso que está previsto finalice no año 2023 coa adquisición dun novo equipo de alto campo (expediente actualmente en licitación)..

- **Medicina nuclear**

  - <u>Medicina Nuclear Vigo</u>

A Unidade de Medicina Nuclear (MN) de Vigo aumentou o número de pacientes tratados no 2022 respecto do ano 2021 nun 0,1% pasando de 3.438 a 3.441 pacientes; sen embargo, non se acadou o número de pacientes prepandemia, manténdose a diminución de demanda que xa viñamos observando nos últimos anos. Temos sen embargo que por de manifesto que en 2022 e coa posta en marcha na Área Sanitaria de Vigo dunha unidade de demencias, no último trimestre, houbo un incremento significativo de estudos para lesións dexenerativas. Ademais estamos a observar un incremento na complexidade dos estudos.

No que se refire á actividade en procedementos terapéuticos en Terapia Metabólica, realizáronse durante o ano 2022 un total de 211 tratamentos (140 con ingreso y 71 en réxime ambulatorio) fronte vos 171 tratamentos do ano 2021 , o que representan un incremento dun 30 % respecto ao ano 2021, incremento favorecido pola ampliación na dotación do servizo de dous a tres habitacións de hospitalización. Non se realizaron derivacións para terapia con ingreso a outras Unidades de Galicia como en anos precedentes, percibíndose un incremento na complexidade.

Por outra banda as entradas e saídas de pacientes durante o ano 2022, producíronse 8539 entradas por 8379 saídas, o que representa una diminución de un 5,57% de entradas respecto año 2021 y una diminución dun 7,72% de saídas; o motivo do maior descenso de saídas/respecto a entradas foi o peche dunha gammacámara e a non substitución dun técnico durante 1 mes pola menor demanda, o que motivou un cociente entradas/saídas sexa levemente superior ao 1% no ano 2022.

Durante 2022 seguiron realizándose obras de acondicionamento e humanización do servizo de Medicina nuclear que permiten dotar de espazos máis funcionais e cómodos para os pacientes.

O efecto do comentado anteriormente na lista de espera de MN para procedementos diagnósticos mantívose nos baixos niveis do ano pasado, cunha espera media de 19 días para estudios iniciais e 19 días para totais, con una demora máxima de 86 días.

Respecto ao número de pacientes en PET/CT atendéronse en 2022 un total de 4.134 pacientes o que representa un incremento do 4,1% respecto do ano anterior con 3.971 pacientes.

En relación coas entradas e saídas, en 2022 producíronse un total de 4.576 entradas de pacientes en PET por 4.596 saídas o que supuxo un maior numero de saídas que entradas con un porcentaxe inferior ao 1%, todo elo a pesar do incremento da demanda en 2022 que se compensa con incremento na actividade ordinaria e en quendas extraordinarios

A espera media a final do ano 2022 para probas de F18 FDG é de 0 días para estudios iniciais (7 días en 2021) e de 12 días para pacientes totais (7 días en 2021), con una demora máxima de 19 días (15 días en 2021) y un total de 143 pacientes en espera (128 en 2021).

A demora media para F-Colina é de 49 días (24,5 días en 2021), con una demora máxima de 133 días (86 dias en 2021) e un total de 76 pacientes (en 2021 36 pacientes).

No que respecta á realización de novas probas, durante o ano 2022 continúa a realización das prestacións conxuntas PET/CT con contraste radiolóxico en patoloxía tumoral pulmonar, coa intención de aglutinar dúas exploracións – TAC e PET nun mesmo estudo, evitando de este xeito unha segunda cita ao paciente, coa coordinación entre os hospitais Álvaro Cunqueiro e Meixoeiro e a participación conxunta dos servizos de

Neumoloxía, Radioloxía de tórax e Medicina Nuclear. Dita prestación conxunta ten continuidade no ano 2023.

En cuanto á carteira de servicio, durante o ano 2022 incorporouse PET 68 Ga Dotatoc, para o diagnostico de tumores neuro-endocrinos., realizando no ano 2022 un total de 92 procedementos diagnósticos con este radiofármaco.(32 en 2021).

- Medicina Nuclear Ourense

A actividade desenvolvida pola Unidade de Medicina Nuclear de Ourense, pasou de 3.508 pacientes en 2019 a 2.756 pacientes en 2020, a 3.453 no ano 2021 e 3.051 en 2022 o que representa un descenso dun 11,6%.

A causa da menor actividade está motivado pola menor demanda en probas, cun descenso dun 8,69% en entradas e un descenso dun 12% de saídas respecto a 2021, con menor proporción de saídas que entradas con unha ratio entradas/saídas inferior a 1. O descenso da demanda é significativo en probas cardiolóxicas, pulmonares e óseas (1.202 probas menos que en 2018) e un menor número en terapias administradas

A lista de espera a final do ano 2022 está en 17 días de media en iniciais (35 días de espera media en 2021), e de 18 días de espera media totais (25 en 2021)e 66 días de espera máxima (igual que en 2021) cun total de 143 189 pacientes en espera no 2022 (189 pacientes en 2021) .

En canto ás entradas e saídas de solicitudes de probas, producíronse 3.603 entradas e 3.679 saídas o que supón 63 mais saídas que entradas cumprindose novamente o obxectivo marcado dun maior número de saídas que de entradas de pacientes en espera dun procedemento.

- **Oncoloxía Radioterápica**

O exercicio 2022 reduciuse a actividade da Unidade consecuencia do período de substitución dun equipo para a instalación do novo acelerador Vitalbeam , por finalizarse o tratamento de pacientes Sergas remitidos por Hospital Povisa durante 2021 e pola parada dun mes do acelerador Synergy por revisión e actualización.. Concretamente, finalizáronse un total de 2521 tratamentos fronte aos 2.694 que se levaron a cabo en 2021. Do total de tratamentos finalizados 2.103 corresponderon a teleterapia, 255 a radiocirurxía e 163 a braquiterapia, datos que no seu conxunto representan un descenso do 7% respecto do exercicio anterior.

No ano 2022 mantívose o incremento das técnicas de intensidade modulada de doses (IMRT) respecto aos niveis do ano anterior onde a súa vez aumentaron significativamente grazas aos novos equipos de radioterapia instalados en anos anteriores, pasando de tratar con este sistema 592 pacientes no ano 2018 a 938 no 2021, e 1.211 no ano 2022. Este dato representa una progresiva mellora na calidade asistencial que proporciona este servizo, porque a súa aplicación supón unha notable diminución das complicacións tras o tratamento, ao permitir o emprego de maiores doses dirixidas ao tumor con grande precisión, preservando os órganos sans que o circundan, isto incrementa significativamente a complexidade das técnicas e a preparación do paciente e a dedicación do tempo de radioterapeuta e de radiofísico..

O efecto da actividade sinalada nos parágrafos anteriores derivou no 2022 nun número de entradas 2.955 (3.104 en 2021) lixeiramente superior ao número de saídas 2.677 (2.992 en 2021). O tempo de espera media do acelerador ao peche do exercicio 2022 para radioterapia convencional diminuíu de 51 días a 31 días.

- **Servizo de Radiofísica**

Na área de Radioterapia instalouse un novo acelerador de electróns dentro do contrato denominado socio tecnolóxico que recibiu a financiación da Fundación Amancio Ortega. Con este moderno aparello rematou a modernización de todos os equipos de radioterapia poñéndose esta unidade a vangarda da radioterapia. O Servizo de Radiofísica fixo as labores de posta en marcha deste equipo e continuouse coa labor de control de calidade en aceleradores e braquiterapia. Na área de dosimetría clínica seguiu atendéndose a demanda asistencial, cun importante incremento na complexidade dos tratamentos ao dispor agora de catro máquinas capaces de realizar intensidade modulada volumétrica (VMAT).

En Medicina nuclear continuouse co control de calidade dos equipos e incrementouse a participación de radiofísica na realización de tratamentos con Lutecio e Itrio. Un ano mais o Servizo de Radiofísica conseguiu renovar a acreditación do PET "EARL FDG-PET/CT Accreditation" da Asociación Europea de Medicina Nuclear.

O servizo de Radiofísica, conxuntamente coa Unidade Técnica de Protección Radiolóxica (UTPR), continuou realizando as tarefas habituais de protección radiolóxica na Unidade de Medicina nuclear do Hospital do Meixoeiro e nas instalacións de radiodiagnóstico situadas en hospitais, ambulatorios, centros de especialidades e unidades de atención primaria dependentes do Sergas na Área sanitaria de Vigo.

- **Unidade de Protección Radiolóxica**

Dende a súa creación, abril de 1995, a Unidade técnica de Protección Radiolóxica (UTPR) dedícase a protección radiolóxica no ámbito das instalacións de radiodiagnose Médica, conforme a súa autorización concedida polo Consello de Seguridade Nuclear (CSN),

Na actualidade a UTPR ocúpase dos controis de calidade e medicións de doses de todos os centros do Sergas excepto dos que son controlados polo servizo de protección radiolóxica da Área sanitaria de Santiago e a demanda nas de Lugo, Ourense e Vigo, colaborouse cos Servizos de Protección radiolóxica propios para o cumprimento dos requisitos legais no ámbito da protección radiolóxica referente aos aparellos de Raios X. E nas Áreas sanitarias de Ferrol, A Coruña e Pontevedra realízase a medición de doses na súa totalidade.

A UTPR realizou controis de calidade do equipamento radiolóxico incluíndo monitores de visualización da imaxe diagnóstica médica, así como todo tipo de soportes de imaxe dixital empregados en radiacións ionizantes producidos por todos os tipos de modalidade de imaxe radiolóxica existentes conforme ao establecido polo Protocolo Español de Control de Calidade en Radiodiagnose (versión 2011) e medicións na totalidade dos hospitais e Centros de saúde pertencentes as Áreas sanitarias de Vigo, Pontevedra, A Coruña, Ferrol e Lugo e no Hospital comarcal de Valdeorras e Hospital de Verín da Área sanitaria de Ourense. Durante o 2022, realizáronse todos os servizos incluídos na Addenda do Contrato Programa de Galaria co Sergas.

No ano 2022, como tamén sucedeu en anos anteriores, hai que salientar a incorporación de novos equipos, derivada das compras que realizou o Sergas por medio de diferentes expedientes de contratación (principalmente plan INVEAT); renovación que tamén tivo incidencia na actividade da UTPR. O papel desta Unidade foi moi importante, tanto no asesoramento, como na aceptación e supervisión da calidade dos novos equipos instalados.

Debido ao COVID-19, suspendéronse as actividades formativas dende 2020 en Protección Radiolóxica nas instalacións sanitarias do Sergas. A partir de 2023 a Unidade reactivará a actividade formativa, en colaboración con ACIS, para a realización de vídeos de formación e clases eminentemente prácticas nos hospitais.

Os datos de actividade do exercicio 2022 indican que a UTPR levou a cabo un total de 665 controis de calidade (incluíndo controis de calidade anuais, intervencións tras reparación ou axuste e estados de referencia inicial) de todos os diferentes tipos de equipos incluídos na cadea de imaxe diagnóstica dixital dos Servizos de Radioloxía do Sergas.

Durante o ano 2022 continuouse coa posta en marcha do proxecto X-DOSE para a medición da radiación acumulada dos pacientes que teñen que ser sometidos a unha proba con emisión de radiación e dar así cumprimento a normativa europea. Nesta ano realizáronse o asesoramento a subdirección xeral de Tecnoloxías da información para a adquisición do programa que vai a permitir este control. O concurso foi resolto, sendo adxudicatario a empresa GE. (excepto os da Área Sanitaria de Santiago) e neste momento estase producindo dita conexión. Cada equipo conectado debe ser validado no seu funcionamento polo persoal da UTPR

- ***División de consultoría.***

Durante o ano 2022 a división de Consultoría proseguiu co seu labor de asesoramento continuado en planificación e adquisición de equipamento ao SERGAS e á Consellería de Sanidade. A actividade realizada para a Dirección Xeral de Recursos Económicos, céntrase no apoio aos seus proxectos en marcha, que durante a anualidade relacionados con elaboración de pregos e/ou informes de adxudicación para renove do Hospital Alvaro Cunqueiro (Sala Intervencionismo, Endoscopia Dixestiva, Cirurxía Maxilofacial), Fase 0 Canalejo, equipamento de centros integrais de saúde (Lalín).

Ademais de diversas actuación de pregos e informes de compras de equipos concretos, abordouse a elaboración de pregos e informes de avaliación de ofertas de equipamento electromédico para dotacións centralizadas de ecógrafos, de monitorización, respiradores, radioloxía, imaxe radioloxía e neurocirurxía, sistemas de dispensación de medicamentos.

Para a División de Asistencia Sanitaria, destacar a labor de elaboración da Estratexia de Oncoloxía de Precisión de Galicia.

Mantívose colaboración coa Axencia de Coñecemento e Innovación Sanitaria (ACIS), continuando coas labores de apoio na liña de a colaboración no novo proxecto de Compra Publica Precomercial INNOVAMICROLAB. Así mesmo, mantívose a liña de apoio na xestión da Fundación Publica Galega de Medicina Xenómica, colaborando no desenvolvemento de diversos pregos e informes.

Especialmente salientable foron os traballos de apoio a posta en marcha tanto na coordinación coma na elaboración de pregos e informes do Centro de fabricación de terapias avanzadas de Galicia /Car-T.

No eido da xestión do sistema de calidade da empresa, continuouse coa evolución dos sistemas adaptados a ISO 9001:2015 tanto da Sociedade como da Unidade Centralizada de Radiofarmacia de Galicia, S.A. Continuouse, así mesmo, co apoio para a acreditación mediante ISO 15189 da Fundación Publica Galega de Medicina Xenómica.

- ***Unidade de radiofármacos PET de Galicia-***

A tecnoloxía PET, por medio da cal é posible coñecer o funcionamento e metabolismo dos tecidos e órganos, adquiriu unha enorme relevancia na maioría dos países desenvolvidos, e cada día increméntase a demanda dese tipo de exploracións por parte dos especialistas, á vista das súas cada vez maiores aplicacións e da súa eficacia diagnóstica nos eidos da oncoloxía, a cardioloxía e as patoloxías neurolóxicas. Esta técnica de diagnóstico baséase na utilización dunha serie de moléculas que son incorporadas ao organismo do paciente para poder observar mediante a tomocámara PET a súa distribución nos tecidos.

O ciclotrón, que é o equipo principal da Unidade de Radiofármacos PET Galicia, é, basicamente, un acelerador de partículas, produtor dos isótopos radioactivos cos que se marcan as moléculas que lle van ser inxectadas ao paciente.

Dende novembro de 2008, a Unidade, dependente de Galaria, leva producindo regularmente e subministrando [18F]fluorodesoxiglucosa (FDG), marcada con flúor-18 aos hospitais do Servizo Galego de Saúde que contan con equipos de exploración PET (Vigo e Santiago) e ao Centro Oncolóxico da Coruña.

A solicitude desta molécula foise incrementando cada ano desde o seu inicio. No 2022, a produción total de FDG foi de 11.490 doses, fronte as 10.733 doses do 2021, as 9.805 doses do 2020 e as 9.907 doses do 2019.

En 2014 a Unidade recibiu da Consellería de Sanidade autorización para producir calquera radiofármaco PET que cumpra as normas esixidas pola AEMPS. De feito, a partires deste momento, a unidade comezou a traballar na posta en marcha dos procedementos e protocolos de seguridade e calidade esixibles para a produción de [18F]fluorocolina (FCOL), marcada con flúor-18, e dende os primeiros meses de 2015 se subministra aos equipos PET que o soliciten para o diagnóstico de carcinoma prostático. A produción de FCOL no 2022 foi de 835 doses, fronte as 734 doses do 2021, as 550 doses do 2020 e as 493 doses do 2019.

No 2018 fixose unha actualización do Ciclotrón como parte do plan de renovación aos 10 anos recomendada polo fabricante. No 2019 procedeuse a instalación de dous novos brancos de niobio (Nb) que permitiron aumentar a capacidade de produción e ademais instalouse unha nova cela de dispensación, comezando cun proxecto de renovación de equipos necesarios para satisfacer a demanda crecente de doses e radiofármacos dos últimos anos. No 2021 resolveuse o concurso para a adquisición de dous módulos de síntese novos que permitirán facer varias producións de FDG consecutivas, facilitando así o traballo habitual e a resolución de incidencias que poden aparecer durante estas sínteses..

- ***Plataforma multiservizo Saúde en Liña-***

A Sociedade continuou coa xestión da plataforma multiservizo Saúde en Liña ,manténdose neste período a atención de chamadas para a solicitude de reprogramación / anulación de citas no ámbito da atención especializada. O número de chamadas atendidas durante o 2022 foi de 593.655 (fronte ás 1.143.424 que se rexistraron en 2021), das que 232.425 foron para concertar cita de atención primaria e 137.296 para cita de especializada (555.616 e 112.349 respectivamente no 2021).

Durante este ano 2022 observouse un descenso moi acusado do número de chamadas recibidas na Central de

chamadas, no cómputo anual correspóndese cun 52% menos que no mesmo período do ano anterior, se observamos os últimos meses esta baixada é aínda máis acusada, chegando a ser un 77% en decembro de 2022 con respecto a decembro de 2021.

- ***Teléfono de atención a cidadáns 881002021***

Considerando a evolución da pandemia COVID-19 o Consello de administración de Galaria decidiu dar por finalizado este servizo dende o 17 de abril así como a atención de chamadas desviadas desde tarxeta sanitaria.

- ***Oficina Técnica de Seguimento (OTS)-***

A Sociedade continuou co control da Oficina técnica de seguimento da execución do contrato do servizo loxístico integral do Servizo Galego de Saúde avanzando no deseño de melloras na xestión e funcionamento da Central loxística.

- ***Unidade Central de Radiofarmacia-***

Desde a participación que a Sociedade conta na Unidade Central de Radiofarmacia de Galicia S.L. (Ordes) (Nota 8) continuouse coa xestión e preparación dos radiofármacos convencionais que se administran nas unidades asistenciais de medicamento nuclear de Galicia.

Accións máis significativas no 2022-

En termos globais e de forma resumida as consecucións máis significativas do exercicio cabe salientar as seguintes:

- A excepción de medicina nuclear en Ourense, o mantemento en bos niveis da actividade tendo en conta as diferentes circunstancias sinaladas no presente informe
- A renovación da certificación ISO 9001.
- Ata o mes de abril, a xestión do imporante servizo telefónico asociado ao COVID-19 para persoas desprazadas na Comunidade autónoma que presentan síntomas ou proceden de zoas de risco (teléfono 881002021) así como a atención de chamadas desviadas desde tarxeta sanitaria
- Desenvolvemento do proxecto de alta tecnoloxía sanitaria destinado a dotar á Comunidade autónoma dun punteiro Centro de fabricación de terapias avanzadas (CAR-T) coa vista posta na súa posta en marcha durante 2023.
- Finalización dos traballos de humanización e mellora dos espazos das unidades de Medicina nuclear e Oncoloxía radioterápica que permite maior amplitude e humanización de espazos de traballo e para pacientes e maiores facilidades de acceso.
- Incremento dos tratamentos de IMRT e VMAT na Unidade de Oncoloxía radioterápica permitindo unha maior precisión e calidade asistencial dos pacientes.
- Substitución do último acelerador asociado ao proceso de renovación tecnolóxica da Unidade de oncoloxía radioterápica que conta con 4 aceleradores de última xeración.
- A prestación por parte da Unidade de Diagnóstico por imaxe do servizo de telerradioloxía que permitiu informar a distancia resonancias magnéticas realizadas polas unidades móbiles de resonancia nos hospitais comarcais da rede Sergas así como nos centros hospitalarios de Coruña, Pontevedra, Vigo e Lugo.
- Seguiuse apoiando a Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica nas necesidades de xestión de carácter laboral, administrativo, calidade e contratación pública que identificáronse durante o 2022.
- Seguiuse avanzando no proxecto de implantación dun centro de prontóns en Galicia, ampliándose o convenio de colaboración coa Universidade de Vigo.

- Participación en diferentes proxectos de economía circular vinculados co ámbito sanitario e presentación en convocatorias europeas de proxectos Life (Life Resystal), participase conxuntamente co Sergas como Partner oficial da New European Bauhauss, o Sergas é o único servizo de saúde de Europa e o único partner de Galicia neste proxecto. Participación no proxecto "Race to cero" da OMS: medindo da pegada de carbono de todos os hospitais do Sergas, colaborando na redución da emisión de gases anestésicos no novo concurso aparatos anestésicos e na redución de uso de inhaladores presurizados. Participación no proxecto de dotación dos centros do Sergas con material de madeira para aproveitar os beneficios da biofilia para pacientes e traballadores e mellorar o aproveitamento da madeira en Galicia.

Actividades en materia de investigación e desenvolvemento-

O Servizo de Radiofísica e maila Unidade de Oncología Radioterápica continuaron traballando co proxecto HeNebra que remata en xuño de 2023, e que está financiado polo Instituto de Salud Carlos III. Este derradeiro ano centrouse na inclusión de pacientes e sobre todo no desenvolvemento de un software para po análises da resposta tumoral baseándose en imaxes funcionais. Os resultados do análise levado a cabo con este software vaise presentar no Congreso ESTRO 2023, en Viena. O ano pasado tamén se realizou una comunicación sobre o uso de la imaxes de ADC para avaliar a resposta tumoral no congreso da sociedade europea de radioterapia ESTRO 2022 (Conpenhague).

En 2022 mantívose a colaboración entre o servizo de radiofísica, o servizo de radiodiagnóstico da Área Sanitaria de Vigo e enviouse o artigo "Pilot study for the assessment of the best radiomic features for Bosniak cyst classification using phantom and radiologist inter-observerselection" recientemente a la revista Diagnostics.

Como resultado final dos tres anos de traballo sobre a formación do físico médico experto en radioterapia en Europa, onde o Servizo de Radiofísica colaborou estreitamente con as duas principais organizacións de radioterapia e radiofísica europeas (ESTRO y EFOMP), colaborouse na publicación do artigo: "The 3rd ESTRO-EFOMP core curriculum for medical physics experts in radiotherapy" en la revista Radiotherapy & Oncology.

O Servizo de de radiofísica participa no proxecto europeo SAMIRA destinado ao estudo da implantación da Directiva 2013/59/Euratom nos diferentes estados da UE, e que en 2021 deu os seus paso iniciais. Os resultados de este proxecto darán como resultado unha guía de recomendacións financiada pola Comisión Europea que será presentada nun taller ex profeso en Luxemburgo, antes de final de ano. Os resultados previos obtidos a partir das enquisas realizadas en 2022 serán expostos nunha comunicación oral no congreso europeo de radioterapia (ESTRO 2023, Viena).

En análise de riscos, o Servizo de Radiofísica desenvolveu en cooperación coa Unidade de Oncoloxía radioterápica unha análise detallada de riscos no proceso de radioterapia seguindo a metodoloxía MARR (Matrices de Análises de Riscos en Radioterapia) desenvolvida conxuntamente polo Ministerio de Sanidade, Servicios Sociais e Igualdade, o CSN e as sociedades científicas de Física Médica (SEFM), Protección Radiolóxica (SEPR), Oncoloxía Radioterápica (SEOR) e Técnicos de Radioterapia (AETR). Nesta ocasión empregouse o software MARRTA que permite analizar as matrices de risco en radioterapia con técnicas avanzadas. Constituíse ademais o grupo de Seguridade do Paciente que recolle e analiza as incidencias detectadas. O método elixido para este análise e o establecido por o Organismo Internacional de Enerxía Atómica (OIEA) chamado ALARM-SAFRON, que pretende avanzar mais dentro da cultura da seguridade.

O Servizo de Radiofísica colaborou coa SEFM (Sociedade Española de Física Medica) para a elaboración do Protocolo Nacional de Control de Calidad de Planificadores.

Mantense o desenvolvemento do proxecto Europeo SINFONIA iniciado no último trimestre do ano 2020, o cal consiste na avaliación do risco de radiación por efectos prexudiciais da exposición médica durante o tratamento radioterápico de pacientes con linfoma ou tumor cerebral. Ten una duración de catro anos. Neste proxecto traballan unha ducia de institucións de outros tantos países sendo Galaria unha desas institucións. Froito deste proxecto foi a publicación do artigo: "Occupational radiation exposure assessment during the management of [68Ga]Ga-DOTA-TOC". Adicionalmente presentouse unha comunicación oral no congreso europeo de Física Médica (ECMP 2022, Dublín) sobre as medidas de doses a traballadores en medicina nuclear.

Por último, e en relación con servizo de Radiofísica, presentouse un traballo no congreso de Vancouver (SNMMI 2022) que está relacionado coa dosimetría personalizada a pacientes sometidos a radioembolización hepática. Este traballo, levado a cabo en colaboración co Hospital Universitario de Ginebra (Suiza) recibiu o premio ao

mellor abstract internacional outorgado pola SNMMI (Society of Nuclear Medicine and Molecular Imaging, Sociedad de Medicina Nuclear e Imaxe Molecular).

Polo que respecta á unidade de Diagnóstico por Imaxe, durante o ano 2022 presentou seis comunicacións no 36 Congreso Nacional de Sociedade Española de Radioloxía Médica (SERAM), dúas delas recoñecidas con sendos premios, unha comunicación nas XXIII Xornadas da Sociedade Española de Radioloxía Musculoesquelética, tres comunicacións no XIV Congreso Galego de Radioloxía e dúas presentacións no congreso internacional máis importante da especialidade, o CVIII Congreso da Sociedade Norteamericana de Radioloxía (RSNA).

Por outra banda, a unidade de Medicina nuclear de Vigo, participa a través do equipo PET/CT en tres ensaios vinculados con diferentes enfermidades oncolóxicas (cáncer de páncreas, hematoloxía en linfomas)

Finalmente, en abril de 2022 a Unidade de radiofármacos Pet de Galicia conseguiu incluír no certificado de cumprimento de NCFs a [18F]fluorotimidina (FLT) como medicamento en investigación, tras revisión da Axencia Española do Medicamento e Produtos Sanitarios (AEMPS), para o seu uso nun ensaio clínico en colaboración co FIDIS e co Complexo Hospitalario Universitario de Santiago (CHUS). En xullo de 2022 firmouse o acordo correspondente co FIDIS para o subministro deste radiofármaco de investigación. En abril do 2022 firmouse un acordo entre o CHUS, FIDIS e Galaria, para os subministro de doses de FDG e [18F]flúor libre para o seu uso en investigación

Evolución previsible da Sociedade-

Durante 2023 a Sociedade prevé seguir desenvolvendo as mesmas actividades asistenciais e non asistenciais que en 2022, así como o inicio da actividade no Centro de fabricación de terapias avanzadas de Galicia (Car-T).

PLAN INVEAT

O Plan de Inversión en Alta Tecnología (INVEAT) sanitaria que impulsa o Ministerio de Sanidad grazas aos fondos europeos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, ten como obxectivo a renovación e ampliación de equipamento asistencial mellorando significativamente os procesos terapéuticos asociados a enfermedades crónicas, oncolóxicas e neurolóxicas.

A Sociedade non é allea a este proceso, e a través do Servizo Galego de Saúde está planificado iniciar en 2023 a subestación de diversos equipamento de alta tecnoloxía sanitaria, concretamente, as cinco gammacámaras das unidades de medicina nuclear de Vigo e Ourense onde incorporarase ademais un equipo Pet/CT, a renovación do equipo Pet/CT do hospital do Meixoeiro e o TAC de planificación da Unidade de Oncoloxía radioterápica. A Sociedade, conxuntamente coa Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria, levará cabo as xestións oportunas para que a actividade asistencial non se vexa afectada de forma significativa e cumprindo en todo caso cos estándares de calidade e seguridade que unha intervención deste tipo demanda.

Adquisicións de accións propias-

Durante o exercicio 2022 a Sociedade non realizou operacións con accións propias.

Uso de instrumentos financeiros pola Sociedade-

A Sociedade realiza o financiamento dalgúns investimentos mediante arrendamentos financeiros.

Durante o exercicio 2022, a Sociedade non realizou operacións con derivados financeiros.

FORMULACIÓN DE CONTAS ANUAIS E INFORME DE XESTIÓN

En proba de conformidade figuran a continuación as firmas de todo os membros do Consello de Administración da Sociedade que, en reunión celebrada o 31 de marzo de 2023, formulan as Contas anuais de GALARIA, EMPRESA PÚBLICA DE SERVIZOS SANITARIOS, S.A.U. que comprenden o balance, a conta de perdas en ganancias, o estado de cambios no patrimonio neto, o estado de fluxos de efectivo e a memoria ao 31 de decembro de 2022 e o informe de xestión, expostos nas 56 páxinas precedentes, e todo correspondente ao exercicio 2022.

D. Julio García Comesaña
Presidente

Dña. María Estrella López-Pardo Pardo
Vogal

D. Jorge Atán Castro
Vogal

Dña. Ana María Comesaña Álvarez
Vogal

D. Carmen Durán Parrondo
Vogal

D. Jorge Aboal Viñas
Vogal

Dña. María Jesús Piñeiro Bello
Vogal

D. Alberto Fuentes Losada
Vogal